



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

Información embargada até as 20.30 H

IAGO TABARÉS ASEGURA QUE A CANDIDATA SOCIALISTA ESTÁ NERVOUSA PORQUE SABE QUE O ESCANO QUE PERDE O PP SÓ PODE IR PARA O BNG

O candidato nacionalista está convencido de que a cidadanía percibe a utilidade de votar ao BNG, como a única formación que pode defender os intereses da provincia e de Galiza

Manzaneda, 22 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, afirmou hoxe en Manzaneda que a candidata socialista está nervosa porque o PP vai perder un escano e o BNG é o único que llo pode arrebatat.

Tabarés asegurou que a cidadanía percibe a utilidade de votar ao BNG, tanto para un avance na igualdade e facer fronte á involución social como porque é a formación política que mellor pode defender os intereses de Ourense e de Galiza.

O candidato nacionalista convidou á candidata, Elena Espinosa, a deixar de preocuparse polo seu futuro político e pensar nas necesidades e problemas do País e da provincia e lembrou que o que se elixe o 9 de Marzo non é "candidato por un día".

Neste sentido, explicou que o importante non é só a investidura -o único que preocupa a PP e PSOE- senón, sobre todo, os catro anos de lexislatura, "para os que é preciso elixir representantes que traballen durante ese tempo pola chegada do Ave a Galiza, non só a súa chegada, senón tamén como e cando; por unhas comunicacións mellores, sobre todo co Macizo; polo futuro dos nosos sectores productivos e por un Estatuto de Nación que nos permita afondar no autogoberno".

Para Tabarés, é unha evidencia o medo e a inqueda da candidata do PsdeG a que Ourense a penalice pola súa xestión, pois non foi todo o positiva que ela asegura para Galiza.